

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 05 DE MARZO DE 2020.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **CONTRATOS MENORES.**
- 3º.- **EXPTE. 1995/2019. RESOLUCIÓN CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN "RED DE CALOR DISTRICT HEATING CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA) FASE II".**
- 4º.- **EXPTE. 726/2019. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PERSOAL, EMPREGO E COMERCIO DE CONCESIÓN DE AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPREGO A DNA. BELÉN MONTOUTO CASAL**
- 5º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 6º.- **EXPTE. 426/2020. APROBACIÓN DO PROXECTO: MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN SAIDRES.**
- 7º.- **EXPTE. 427/2020. APROBACIÓN DO PROXECTO: MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN NEGREIROS-O CASTRO.**
- 8º.- **EXPTE. 412/2020. BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A EN RÉXIMEN DE INTERINIDADE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.**
- 9º.- **EXPTE. 358/2020. CONVENIO DEPUTACIÓN-CONCELLO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.**
- 10º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a seguinte Acta:

- 17 de febreiro de 2020

2º.- **CONTRATOS MENORES.**

2.1.- Expediente 417/2020. Contratación Romaría do Rapaz.

Dase conta da proposta da Concelleira de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación, que transcríbese a continuación:



"A mediados dos anos 80 naceu en Silleda unha festa que a día de hoxe segue sendo única: a Romaría do Rapaz, un evento feito por e para os nenos e nenas.

Esta celebración ven tendo lugar o último domingo do mes de xuño no recinto do santuario da Saleta, na parroquia silledense de Siador, cunha xornada repleta de actividades na que os máis pequenos da casa son os protagonistas.

Dende as 11:00 horas abre ao público nos pendellos do recinto distintos obradoiros así como outras actividades de carácter deportivo, lúdico e cultural.

Espectáculos de música itinerante, xogos multiaventura, inchables, teatro, títeres... E un espectáculo final no anfiteatro do recinto, son algúns dos clásicos desta singular celebración.

Dende hai xa varios anos o Concello de Silleda, dende o departamento de Cultura encárgase directamente da organización da Romaría do Rapaz.

Por motivos relacionados coa falta de personal municipal, dende o departamento óptase por contratar –mediante contrato menor- a programación da 32ª edición da Romería do Rapaz, a celebrar o domingo 28 de xuño de 2020.

Orzamento máximo: 15.000 euros (máis IVE)

Prazo presentación ofertas: 20 días naturais contados a partir do día seguinte á recepción da invitación.

A oferta deberá de incluír como mínimo:

- Decoración do recinto e montaxe (incluíndo instalacións eléctricas e megafonía)
- Espazo Avelaiña (para atender aos máis cativos).
- Celebración de alomenos 6 obradoiros
- Instalación de actividades multiaventura e inchables
- Actividades relacionadas co coidado do medio e fomento do deporte
- 1 espectáculo teatral ou de monicreques
- 1 espectáculo itinerante/de animación do recinto
- 1 espectáculo final

Criterios de valoración:

- Oferta económica
- Calidade das propostas lúdicas e culturais
- Elección dunha temática para a xornada
- Inclusión de grupos/artistas locais ou da comarca do Deza
- Ampliación da proposta mínima que se solicita.

Comisión de valoración:

Estará formada por alomenos dous funcionarios do Concello de Silleda, a concelleira de Cultura, a técnica de Cultura, o técnico de Deportes, e a Educadora Social do Concello.

Propónse así mesmo solicitar ofertas as seguintes entidades:

Amarelas S.C.
Eduvía Xestión Cultural e Lecer S.L.



*Desafío Ocio Turismo
Asociación ACODE
Turnativa S.L."*

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** prestar aprobación a proposta transcrita anteriormente e polo tanto:

Primeiro.- Solicitar ofertas para a realización da actividade "Romaría do Rapaz" a:

Amarelas S.C.
Eduvía Xestión Cultural e Lecer S.L.
Desafío Ocio Turismo
Asociación ACODE
Turnativa S.L.

Segundo.- Conceder, as empresas mencionadas anteriormente, un prazo de 20 días naturais, dende a recepción da invitación, para presentar oferta, tendo en conta que o orzamento máximo ascende a cantidade de 15.000,00 € mais IVE.

A oferta deberá de incluír como mínimo:

- Decoración do recinto e montaxe (incluíndo instalacións eléctricas e megafonía)
- Espazo Avelaíña (para atender aos máis cativos).
- Celebración de alomenos 6 obradoiros
- Instalación de actividades multiaventura e inchables
- Actividades relacionadas co coidado do medio e fomento do deporte
- 1 espectáculo teatral ou de monicreques
- 1 espectáculo itinerante/de animación do recinto
- 1 espectáculo final

Criterios de valoración:

- Oferta económica
- Calidade das propostas lúdicas e culturais
- Elección dunha temática para a xornada
- Inclusión de grupos/artistas locais ou da comarca do Deza
- Ampliación da proposta mínima que se solicita.

2.2.- Expediente 547/2019. Desenvolvemento da actividade de compostaxe doméstica.

Dase conta da Proposta da Alcaldía, de data 05 de marzo de 2020, en relación o desenvolvemento da actividade de compostaxe doméstica que transcríbese a continuación:

"Co obxecto de proceder á realización prevista do desenvolvemento da actividade de compostaxe doméstica, consistente na elaboración de material divulgativo, xornadas divulgativas e seguimento no proceso de elaboración de compostaxe, solicitouse a empresa Sinergias Sostenibles Resiforest S.L. a valoración da actividade referenciada.



De acordo co artigo 118 da LCSP “ considéranse contratos menores os contratos de obras por importe inferior a 40.000 euros e os de servizos e subministros por importe inferior a 15.000 euros”. Estes contratos poderán adjudicarse directamente a calquera adjudicatario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria.

Pode afirmarse, de conformidade co artigo 118 da LCSP:

- Que non existen prestacións adjudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.

Visto o informe de valoración e proposta realizados pola empresa de consultoría e enxeñería ambiental Sinergias Sostenibles Resiforest S.L. que sinala a cantidade de 3.600 euros o prezo marcado,

RESOLVO PROPOÑER Á XGL:

Primeiro.- Adjudicar por contrato menor a Sinergias Sostenibles Resiforest S.L. con NIF B-27504703 a realización da proposta detallada no encabezamento por un importe de 3.600 € + IVE (756 €), xerando un orzamento final de 4.356 €.

Segundo.- Dar traslado a Intervención así como ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.”

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Adjudicar por contrato menor, para o desenvolvemento da actividade de compostaxe doméstica, consistente na elaboración de material divulgativo, xornadas divulgativas e seguimento no proceso de elaboración de compostaxe, a Sinergias Sostenibles Resiforest S.L. con NIF B-27504703, por un importe de 3.600 € + IVE (756 €), xerando un orzamento final de 4.356 €.

Segundo.- Dar traslado a Intervención así como ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

2.3.- Expediente 547/2019. Adquisición de composteiros individuais e unha biotrituradora para a compostaxe doméstica.

Dase conta da Proposta da Alcaldía, de data 05 de marzo de 2020, en relación a adquisición de 100 composteiros individuais e unha biotrituradora para o desenvolvemento da actividade de compostaxe doméstica, que transcríbese a continuación:

”Co obxecto de adquirir 100 composteiros individuais e unha biotrituradora para o desenvolvemento da actividade de compostaxe doméstica, a organizar no Concello de Silleda, solicitouse á Enxeñeira Técnica, Érika Martínez Carreira a valoración da actividade referenciada.

De acordo co artigo 118 da LCSP “ considéranse contratos menores os contratos de obras por importe inferior a 40.000 euros e os de servizos e subministros por importe inferior a 15.000 euros. Estes contratos poderán



adxudicarse directamente a calquera adxudicatario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria.

Pode afirmarse, de conformidade co artigo 118 da LCSP:

- Que non existen prestacións adxudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.

Visto o informe de valoración e proposta realizados pola Enxeñeira Técnica Forestal D^a. Érika Martínez Carreira que sinala a cantidade de 13.000 euros o prezo marcado.

RESOLVO PROPOÑER A XUNTA DE GOBERNO LOCAL :

Primeiro.- Adxudicar por contrato menor a HNOS VILLAR Au SL. con NIF B 36180750 o subministro dos composteiros e da Biotrituradora por un importe total de 13.000 euros + IVE (2.730 €) xerando un orzamento final de 15.730 €.

Segundo.- Dar traslado a Intervención así como ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre."

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Adxudicar por contrato menor, para adquisición de 100 composteiros individuais e unha biotrituradora para o desenvolvemento da actividade de compostaxe doméstica, a HNOS VILLAR Au SL. con NIF B 36180750, por un importe total de 13.000 euros + IVE (2.730 €) xerando un orzamento final de 15.730 €.

Segundo.- Dar traslado a Intervención así como ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

3º.- EXPTE. 1995/2019. RESOLUCIÓN CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN "RED DE CALOR DISTRICT HEATING CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA) FASE II".

Dase conta do escrito do Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), Rexistro de Entrada nº 907, de data 02 de marzo de 2020, remitindo resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda o Concello de Silleda, formulada no contexto do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezcan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE nº 144 de data 17 de xuño de 2017) modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (BOE nº 314, de 29 de decembro de 2018) e o Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (BOE nº 130 de 30 de abril de 2019), expediente número FEDER-EELL-2019-003527. proxecto "Red de Calor District Heating con Biomasa en Silleda (Pontevedra Fase II", cunha inversión total de 195.706,65 €, e unha concesión de axuda por importe máximo de 156.565,32 €.



Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Notificar o Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), de conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rixen esta convocatoria a ACEPTACIÓN da resolución anteriormente mencionada e as condicións expostas na mesma (expediente número FEDER-EELL-2019-003527).

4º.- EXPTE. 726/2019. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PERSOAL, EMPREGO E COMERCIO DE CONCESIÓN DE AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPREGO A DNA. BELÉN MONTOUTO CASAL.

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, M^a Pilar Peón Iglesias de 04 de marzo, con referencia á solicitude de Dna. Belén Montouto Casal de 30 de decembro de 2019, con nº de rexistro de entrada 2019-E-RE-445, con cargo ás Axudas Municipais á Creación de Emprego, de acordo coas bases e convocatoria de 2019, na que se sinala o seguinte:

“Visto, que achega a documentación requirida nas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases obtén a seguinte puntuación:

<i>Puntos</i>	<i>Euros</i>
<i>Parado de Longa Duración</i>	<i>300</i>
<i>Alta Autónomo</i>	<i>600</i>
<i>Contratación Persoal</i>	
<i>Plus por Proxectos do Sector Primario, relacionado co Medioambiente ou I+D+I</i>	<i>---</i>
<i>Muller monoparental con cargas familiares</i>	<i>---</i>

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: conceder a subvención solicitada por importe de 900,00.- € a Dna. Belén Montouto Casal.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade. Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de outubro de 2018 ata 31 de decembro de 2019”.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA prestar aprobación á proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, de data 4 de marzo de 2020 anteriormente transcrita e dar traslado deste acordo á Intervención aos efectos oportunos.

5º.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.



5.1.- Expte. 296/2018. Escrito de CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-383, de data 29 de xaneiro de 2018, solicitando devolución de aval correspondente a obra "ACONDICIONAMENTO DA RÚA LOURÁS" por importe de 6.662,39 € de Abanca Corporación Bancaria S.A., nº 356142, de data 17 de agosto de 2016.

VISTO que polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, en data 05 de marzo de 2020 emíttese o seguinte informe:

"Solicitante Victorino Míguez Salgueiro
Empresa CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO SL
Data de rexistro 29.xan.2018 Nº 2018-E-RC-383 Expediente 296/2018
Solicita Solicita a devolución do aval da obra de acondicionamento da Rúa Lourás
Obra Mellora da Rúa Lourás
Emprazamento Rúa Lourás, Bandeira
Referencia catastral n/d
Autor do proxecto María José García Fidalgo, Arquitecta Colexiada 4357

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transpoñen al ordenamento xurídico español las Directivas del Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

2 Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

3 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.

4 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

5 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

6 Planeamento do Concello de Silleda

6.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981

6.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991

6.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

6.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

6.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

6.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

6.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

6.8 .P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

6.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

6.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

6.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial aprobado definitivamente o 15/05/2012

6.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

7 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Consultado o expediente municipal 296/2018, constan os seguintes documentos:

1.1 Acta de recepción de obra asinada o día 20/12/2016.

1.2 Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, no que se fixa un prazo de garantía de 1 ano.

1.3 Acta de Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, do día 12 de agosto de 2016, no que se recolle a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO SL, no que se ofertaba unha ampliación de prazo de garantía de 1 ano.

En resumo:



OBRA	Expediente	Ano	Acta de Recepción	Prazo PCAP Anos	Prazo ofertado anos	Devolución Aval Día
Mellora da Rúa Lourás	296/2018	2016	14/11/2017	1	1	14/11/2019

INFORME TÉCNICO:

2. Porén, efectuada visita de inspección o día 20 de febreiro de 2020, apréciase que as obras executadas están en bo estado, salvo vicios ocultos.

3. Non consta nesta oficina técnica de vías e obras, escrito algún ou expediente de reclamación sobre algunha eventual incidencia desta obra.

4. Por tanto, estímase conveniente a devolución do aval depositado polo contratista."

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- Proceder a devolución do AVAL de **CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L.**, correspondente a obra "ACONDICIONAMENTO RÚA LOURÁS" por importe de 6.662,39 € de Abanca Corporación Bancaria S.A., nº 356142, de data 17 de agosto de 2016.

6º.- EXPTE. 426/2020. APROBACIÓN DO PROXECTO: MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN SAIDRES.

Visto o Proxecto denominado **MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN SAIDRES**, redactado polo enxeñeiro de camiños Román Gómez Fraiz, de data marzo de 2020, ascendendo o orzamento total por contrata a cantidade de 143.180,66 € mais IVE (30.067,94 €) o que fai un total líquido de 173.248,60 €.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO: APROBAR o Proxecto para as obras de "**MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN SAIDRES**", por importe de 143.180,66 € mais IVE (30.067,94 €) o que fai un total líquido de 173.248,60 €, redactado polo enxeñeiro de camiños Román Gómez Fraiz.

7º.- EXPTE. 427/2020. APROBACIÓN DO PROXECTO: MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN NEGREIROS-O CASTRO.

Visto o Proxecto denominado **MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN NEGREIROS-O CASTRO**, redactado polo enxeñeiro de camiños Román Gómez Fraiz, de data febreiro de 2020, ascendendo o orzamento total por contrata a cantidade de 53.961,16 € mais IVE (11.331,84 €) o que fai un total líquido de 65.293,00 €.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**



PRIMEIRO: APROBAR o Proxecto para as obras de “**MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN NEGREIROS-O CASTRO**”, por importe de 53.961,16 € mais IVE (11.331,84 €) o que fai un total líquido de 65.293,00 €, redactado polo enxeñeiro de camiños Román Gómez Fraiz.

8º.- EXPTE. 412/2020. BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A EN RÉXIMEN DE INTERINIDADE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

Vista a necesidade de contratación de un/unha arquitecto/a técnico/a en réximen de interinidade e creación dunha bolsa de emprego, que vene xustificada pola ausencia, que se presume de longa duración, do aparelador municipal, o que obriga a súa substitución temporal, polo que se elaboran as seguintes bases:

"BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A EN RÉXIME DE INTERINIDADE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

PRIMEIRA.- Antecedentes e lexislación aplicable

A presente convocatoria xustifícase no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que permite o nomeamento de persoal funcionario interino, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran calquera das catro circunstancias previstas no citado artigo do Estatuto e non sexa posible a súa cobertura por funcionario de carreira, sendo o caso que dá lugar a estas bases o recolleito no artigo 10.1. b “A substitución transitoria dos titulares” Esas funcións deben ser desempeñadas exclusivamente por funcionarios/as públicos/as ao referirse ao exercicio de potestades públicas, segundo o previsto no artigo 9.2 da Lei de Bases de Réxime Local, o que confirmou a xurisprudencia (sentenza do Tribunal Supremo, Salga 3.ª, sección 7.ª, do 19 de maio de 2008), que determina as funcións que pode desempeñar o persoal laboral, concluíndo, con carácter xeral, que os postos de traballo da Administración ... serán desempeñados por funcionarios públicos, salvo excepcións.)

A necesidade e urxencia da selección e a consecuente constitución da bolsa de emprego veñen xustificadas pola ausencia, que se presume de longa duración, do APARELLADOR MUNICIPAL, o que obriga á súa substitución temporal.

Vista a Proposta da Concellería de Urbanismo emitida para o efecto, a fin de cubrir interinamente todas as necesidades que poida ter o Concello ante a ausencia do seu posto de traballo do Aparellador Municipal, tendo en consideración que o CONCELLO DE SILLEDA non dispón de persoal suficiente e adecuado por razón da titulación necesaria e esixible, e á vista das posibilidades contempladas na Orde 1461/2002, do 6 de xuño, do Ministerio de Administracións Públicas, sobre normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, confórmanse as presentes Bases para a selección dun/ha Arquitecto/a Técnico/a en réxime de interinidade, así como para a constitución dunha Bolsa de Emprego de Arquitecto/a Técnico/a, nas que a selección se fará por concurso-oposición, e virá determinada, por unha banda, pola formación e experiencia dos aspirantes e, por outra, polos coñecementos en materia urbanística e ambiental.

A selección realizarase mediante un procedemento áxil, a fin de que estea finalizada como moi tarde o día 1º de xuño de 2020, e respectaranse en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O procedemento elixido é o concurso oposición, por canto é o que xunta os coñecementos e experiencia necesarios para desempeñar o posto desde o primeiro día coa suficiente capacitación e aptitude profesional, que é o que necesita o CONCELLO DE SILLEDA na actual situación.

No CONCELLO DE SILLEDA danse as circunstancias esixidas para cubrir mediante nomeamento de persoal funcionario interino un posto de traballo de Arquitecto/a, ao cumprir os requisitos esixidos na lexislación vixente: Que o nomeamento de persoal funcionario interino o é para un caso excepcional e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.



Que o posto para cubrir está incluído nos sectores, funcións e categorías profesionais que o CONCELLO DE SILLEDA considera prioritarios, e que afecta o funcionamento dos servizos públicos que o Concello declara esenciais.

No non previsto nas presentes Bases, aplicarase o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/15, do 30 de outubro, en diante. TREBEP, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección do persoal funcionario de Administración Local, Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, a Orde APU/1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, e normativa de desenvolvemento da anterior e concordante.

SEGUNDA.- Obxecto.

É obxecto das presentes Bases regular o proceso de selección dun/ha Arquitecto/a Técnico/a, como persoal funcionario interino, creándose unha bolsa de traballo da que formarán parte aquelas persoas aspirantes que non fosen seleccionadas, co fin de cubrir futuras necesidades en calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1. da Lei do Estatuto do Empregado Público, fóra da letra a) do devandito apartado, para realizar funcións de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, nunha praza pertencente á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, clase Técnica Superior (Grupo A, Subgrupo A.2 da lei 7/07). O procedemento de selección realizarase de maneira áxil dada a urxente necesidade de contar cun/ha arquitecto/a técnico/a interino/a nun tempo curto e limitado. As retribucións do posto son as pertencentes ao Subgrupo A2. A estas bases achéganse como Anexo I a correspondente ficha do posto coas correspondentes retribucións complementarias e folla de funcións. A inclusión na bolsa de emprego non xerará por si mesma dereito algún fronte ao Concello, e, por tanto, non producirá relación xurídica ningunha co mesmo. Só ten o efecto de poder ser chamado polo Concello pola orde obtida na bolsa de emprego.

TERCEIRA.- Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitido/a nas probas obxecto deste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán cumprirse no último día de prazo da presentación de solicitudes e manterse no momento do seu posible nomeamento:

1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto a continuación:

Ostentar a nacionalidade dalgún dos estados membros da Unión Europea, ser nacional dalgún estado ao que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados polo estado español, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou ser estranxeiro con residencia legal en España, a tenor do artigo 57 do TREBEP. - Tamén poderán participar o cónxuxe dos cidadáns españois e dos doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre, así mesmo, que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

2.- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

3.- Estar en posesión do título de Grao en Enxeñería da Edificación, Arquitecto/a Técnico/a ou Grao habilitante para o exercicio da profesión de Arquitecto/a Técnico/a, segundo o establecido na Orde ECI/3855/2007; ou no seu caso, estar en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de instancias. En caso de titulacións expedidas no estranxeiro, requirírase acreditar a correspondente validar ou da credencial en que se formalice, no seu caso, a homologación do mesmo.

4.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Este requisito haberá de acreditarlo quen supere as probas, antes do seu nomeamento. Debendo obter a cualificación de apto/a para o desempeño do posto de traballo.



5.- Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

6.- Non concorrer ningunha outra causa de incapacidade para o acceso á condición de empregado público, nos termos marcados polas respectivas disposicións legais.

Para ser admitidos e tomar parte no proceso selectivo, ademais das súas circunstancias persoais, os solicitantes manifestarán na instancia que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias. A participación no proceso selectivo do/a aspirante implica que acepta integramente as presentes Bases polas que se rexerá a convocatoria.

CUARTA.- Instancias, admisión de aspirantes, publicidade e data de realización das probas selectivas.

As instancias para tomar parte na presente convocatoria presentaranse no Rexistro Xeral do CONCELLO DE SILLEDA, en horario de atención ao público, ou por calquera das restantes formas que determina a lei 39/2015, e dirixiranse ao Sr. Alcalde Presidente do Excmo. CONCELLO DE SILLEDA, solicitando a súa admisión á mesma, con manifestación expresa de que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na Base Terceira e aceptan en todos os seus termos as presentes Bases. En caso de non presentar a solicitude no Rexistro de Entrada de Documentos do CONCELLO DE SILLEDA, anunciarase a presentación por calquera outro medio no mesmo día en que se verifique, mediante remisión ao correo electrónico recursoshumanos@silleda.es da copia da instancia presentada.

As solicitudes deberán axustarse ao modelo oficial que será facilitado polo Concello. (Achégase como Anexo II modelo de instancia).

A presentación de instancias efectuarase durante un prazo de DEZ (10) días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación, en extracto, destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Así mesmo as presentes bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Edictos e páxina web deste Concello. Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública no Taboleiro de Edictos e páxina web deste Concello a lista provisional aprobada de aspirantes admitidos e excluídos, concedéndose un prazo de cinco días naturais para presentar reclamacións ou emendar deficiencias. Emendadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía sobre todo iso, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria do inicio do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do Órgano de Selección e os sucesivos anuncios do Órgano de Selección que desenvolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse no Taboleiro de Edictos e páxina web do Concello. Unha vez nomeada a composición do Tribunal, e se non se presenta recusación contra calquera dos seus membros, nese caso habería de resolverse de maneira expresa de conformidade co previsto na lei 39/2015, procederase a publicar nos medios establecidos o lugar, data e hora da realización das probas selectivas.

QUINTA.- Dereitos de exame.

Non procede a aplicación de taxa ningunha

SEXTA.- Presentación de documentos.

No prazo estipulado para a presentación de instancias previsto na Base Cuarta, e acompañando a esta, o persoal aspirante deberá presentar os seguintes documentos orixinais ou copias debidamente compulsadas:

a) Fotocopia compulsada do D.N.I.



b) *Fotocopia compulsada da titulación esixida na letra b) da Base Terceira. En caso de titulacións obtidas fóra do Estado Español, deberá presentarse ademais a homologación das mesmas polas autoridades educativas españolas.*

c) *Resto de xustificantes que consideren oportunos, en fotocopias debidamente compulsadas, relativos á fase de concurso de méritos, tales como títulos académicos, cursos de formación, experiencia profesional, certificacións de servizos previos prestados na Administración Pública, etc. Só se admitirán como válidos os méritos documentalmente xustificadas e presentados xunto coa instancia.*

SÉTIMA.- Composición do Órgano de Selección.

A composición do Órgano de Selección, publicarase no Taboleiro de Edictos e páxina web do CONCELLO DE SILLEDA e estará constituído da seguinte forma:

Presidente: Interventor Municipal

Dous vogais: Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2

Todos os membros do órgano de selección teñen voz e voto, a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto. Todos eles deberán cumprir cos perfís de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos na lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei. Cada proposta ou nomeamento dun Titular implicará tamén a designación dun Suplente cos mesmos requisitos e condicións. O Órgano de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña. A Alcaldía poderá designar asesores especialistas para asistir ao Tribunal no desenvolvemento de determinadas probas, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, senón só de colaboración e proposta. O seu nomeamento deberá facerse público xunto co Tribunal.

Cada un dos Grupos políticos integrantes da Corporación Municipal poderá propoñer como “observador” (con voz, pero sen voto) a un membro do seu respectivo grupo.

OITAVA.- Proceso selectivo.

Farase a través do sistema de concurso oposición, porque é o máis adecuado para seleccionar ao profesional máis cualificado para o desempeño do posto, tanto no que se refire á experiencia en postos de similar contido, na Administración Pública ou na empresa privada, como á súa formación relacionada coas funcións para desempeñar desde o inicio das mesmas no Concello.

As probas completaranse na fase de oposición na que os aspirantes demostrarán o coñecemento do temario proposto.

O perfil do posto para cubrir e a necesidade e urxencia municipais no inicio da prestación de funcións esixen que a capacidade do profesional seleccionado sexa a idónea e suficiente para cubrir desde o primeiro día de maneira eficaz o posto de Arquitecto/a, en calquera das circunstancias contempladas no TREBEP. Para iso esixirase das persoas aspirantes estar en posesión dos coñecementos e capacidade necesarios para o desempeño do posto desde o inicio, orientados en todo caso á práctica profesional diaria. As persoas aspirantes serán convocadas mediante anuncio exposto no Taboleiro de Edictos e páxina web da Corporación, para a realización das probas selectivas en chamamento único, sendo excluídas deste proceso quen non comparecese, salvo nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo órgano de selección.

1.- FASE DE CONCURSO.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición. A fase de concurso será previa á oposición.



VALORACIÓN DE MÉRITOS: (Máximo DOUS puntos).

EXPERIENCIA: Valorarase ata un máximo dun PUNTO (1,00) conforme aos seguintes criterios:

-Por servizos prestados na Administración Pública, nunha praza igual á desta convocatoria (Escala de Administración Especial, subescala técnica, Arquitecto Técnico, Subgrupo A2): 0,05 puntos por mes completo de servizos.

-Por servizos prestados na empresa privada relacionados co Urbanismo, que pertencen ao mesmo grupo de titulación (A1) ao do posto obxecto da convocatoria: 0,02 puntos por mes completo de servizos.

Os servizos prestados nas Administracións Públicas acreditaranse mediante certificación expedida polas mesmas.

Os servizos prestados na empresa privada acreditaranse mediante a vida laboral e copia do ou dos contratos subscritos. Non se valorarán os contratos se non se achega o informe de vida laboral.

CURSOS: Valorarase ata un máximo dun PUNTO (1,00), conforme aos seguintes criterios:

Cursos de formación recibidos, relacionados coas funcións do posto para cubrir.

Cursos de 10 a 20 horas: 0,02 puntos

Cursos de 21 a 40 horas: 0,05 puntos

Cursos de 41 a 80 horas: 0,12 puntos

Cursos de 80 a 150 horas: 0,25 puntos

Cursos de 151 a 300 horas: 0,50 puntos

Cursos de máis de 300 horas :0,50 puntos +0,05 por cada 10 horas por encima das 30 horas. Non se valorarán cursos de duración inferior a 10 horas. Valórase a participación, como alumno/a, en cursos, seminarios, congresos ou xornadas de formación ou perfeccionamento, sobre materias exclusiva e directamente relacionadas coas funcións encomendadas ao posto para cubrir, sempre que se trate de accións formativas organizadas:

- Por unha Administración Pública (nos termos da Lei 39/2015)

- Por unha Universidade.

- Por Colexios Profesionais, Mutuas, Institutos ou Escolas Oficiais.

-Por Institución Sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público. Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas.

Acreditaranse mediante a presentación de diploma (copia autenticada) ou certificación expedida pola Administración, Organismo ou Institución que tivera impartido o curso, seminario, congreso ou xornada, ou que resulte competente para a súa expedición. En ningún caso valoraranse accións formativas impartidas por entidades privadas, distintas ás enunciadas.

• Cursos impartidos, relacionados coas funcións do posto a cubrir.

Valorarase o impartir ou participar como conferenciante ou profesor/a en cursos, congresos, xornadas, etc., relacionados coas funcións para desempeñar, de conformidade co seguinte baremo:

Cursos de 100 ou máis horas: 0,60 puntos

Cursos de 75 ou máis horas: 0,40 puntos

Cursos de 50 ou máis horas: 0,30 puntos

Cursos de 25 ou máis horas: 0,20 puntos

Cursos de 15 ou máis horas: 0,10 puntos

Xornadas, Conferencias, seminarios, etc., de duración inferior a 15 horas ou sen especificar: 0,07 puntos.



En ningún caso valoraranse méritos non acreditados documentalmente no prazo e forma establecidos para a súa presentación

2.- FASE DE OPOSICIÓN : Proba teórica (8 puntos)

Consistirá en contestar un cuestionario de 40 preguntas tipo test formuladas por o Tribunal cualificador sobre as materias do temario contido no anexo destas Bases Valorarase con 0.20 puntos por resposta correcta, sen que as respostas erróneas resten puntuación

O tempo máximo fixado para a realización desta proba será o de 90 minutos.

NOVENA.- Formación da Bolsa.

Co resto de aspirantes que superasen as probas e pola orde de puntuación de maior a menor en que quedasen formárase unha Bolsa de Emprego, para cubrir en caso necesario calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1. b), c) e d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A relación de aspirantes que formen parte da mesma farase pública no Taboleiro de Edictos e páxina web da Corporación Municipal. A orde final de prelación establecerase por orde decrecente de puntuación final dos aspirantes que superasen as probas selectivas. A bolsa conterá os seguintes datos das persoas aspirantes que a formen: nome e apelidos, número de D.N.I., teléfonos de contacto, dirección de correo electrónico e puntuación obtida.

En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento de persoal funcionario interino, garantíndose unicamente que cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que fosen, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases, podendo ademais, cando o considere conveniente e de forma xustificada, convocar ex profeso un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que permaneza constituída a Bolsa de Emprego desta convocatoria. Cando finalice a relación de interinidade entre o CONCELLO DE SILLEDA e o empregado/a, esta persoa incorporárase ao posto que ocupaba na Bolsa de Traballo á que pertence.

DÉCIMA.- Funcionamento da Bolsa.

As persoas aspirantes incluídas na bolsa que se forme serán chamadas pola orde establecida. Realizado chamamento por necesidades de persoal e se a prestación efectiva do servizo derivada do nomeamento fose inferior a un ano, a persoa aspirante non perdería a orde establecida na bolsa. Superado o ano de prestación efectiva de servizo, pasará a ocupar o último lugar da Bolsa de Traballo. Cando cumpra cubrir con carácter provisional unha praza por persoal pertencente á correspondentes bolsa de traballo, a Sección de Persoal da Corporación, citará a quen corresponda pola orde establecida nas mesmas, a través do número de teléfono facilitado pola persoa aspirante na instancia presentada para tomar parte na convocatoria, debendo comparecer no Departamento de Persoal no prazo de 24 horas, xa que pola contra quedará automaticamente excluída da Bolsa de Traballo. Realizados tres intentos de contactar coa aspirante sen logralo, e transcorrido o prazo de 24 horas desde a realización da última chamada, quedará automaticamente excluída da Bolsa de Traballo, pasando a chamar á seguinte aspirante pola orde da lista. Unha vez recibida a proposta de nomeamento, o candidato/a dispoñerá de DOUS DÍAS para comunicar por escrito a súa disposición ou non a aceptar a devandita proposta de nomeamento. A aquelas persoas integrantes da bolsa que se lles ofrezca un nomeamento e non acepten o traballo por causa xustificada, deberán achegar documento que acredite tal situación, no prazo de cinco días hábiles. En caso de ser aceptada tal xustificación, pasarán a ocupar o último lugar da Bolsa de Traballo. A tales efectos consideraránselles motivos xustificadas de renuncia, as seguintes circunstancias que deberán ser acreditadas documentalmente:

- Estar traballando cando se realice a proposta de contratación, para o que se achegará informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Padecer enfermidade ou estar en proceso de recuperación de enfermidade ou accidente.
- Estar nalgunha situación das que por embarazo, parto ou adopción, acollemento ou enfermidade grave dun familiar están contempladas pola normativa en vigor para os efectos de permisos ou licenzas. Os/as aspirantes que non acepten o



traballo por causa inxustificada ou non demostren suficientemente a circunstancia anterior, entenderase que renuncian á Bolsa, quedando automaticamente excluídos da mesma.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia.

A presente Bolsa de Emprego terá unha vixencia de tres anos a partir da súa aprobación.

Rematada a súa vixencia, o Concello poderá, mediante resolución motivada, prorrogar a duración da Bolsa de Traballo por un ano máis e por unha soa vez, se persistisen as razóns que xustifiquen a necesidade e urxencia esixidas no TREBEP .

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade.

As presentes Bases publicaranse, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e integramente no Taboleiro de Edictos deste Concello e na páxina web do mesmo. Os posteriores anuncios que desenvolvan este proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Edictos, situado na planta baixa do edificio da Casa do concello e na páxina web deste Concello.

DÉCIMO TERCEIRA.- Incidencias.

O Órgano de Selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases e sempre que non se opoñan ás mesmas. No caso de que durante a celebración das probas selectivas se observe polo Tribunal que algún dos/as aspirantes non reúne un ou máis requisitos esixidos na convocatoria, poderá propoñer ao Sr. Alcalde Presidente a súa exclusión das probas, previa audiencia ao interesado/a.

DECIMO CUARTA.- Datos de carácter persoal.

O tratamento dos datos persoais levará a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Datos de Carácter Persoal, así como no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei Orgánica.

DECIMO QUINTA .- Recursos

As presentes Bases poderán ser impugnadas polos/as interesados/as, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo. Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra , de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**ANEXO I:
FICHA DO POSTO**

SERVIZO DE	URBANISMO E SERVIZOS TÉCNICOS
POSTO DE TRABALLO:	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A
CARÁCTER:	FUNCIONARIO
ESCALA	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL
SUBESCALA/CLASE/CATEGORÍA	TÉCNICA



GRUPO:	A2 (ANTES B)
FORMA DE PROVISIÓN:	CONCURSO-OPOSICIÓN
NIVEL DE COMPLEMENTO	22
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	6.219,72 (12 mensualidades)

DESCRICIÓN XERAL DO POSTO E ACTIVIDADES Dirección de execución das obras derivadas dos proxectos: replanteos, inspeccións e visitas a obras, realización de detalles construtivos, etc. Xestión de Proxectos: orzamentos de obras, certificacións, control de calidade, prevención de riscos laborais, etc. Coordinación en materia de seguridade e saúde en fase de obra e de execución de proxectos municipais

ACTIVIDADES PRINCIPAIS.

- Coordinación co arquitecto.
- Supervisión de proxectos realizados por técnicos externos.
- Información sobre licenzas de obras menores e comunicacións previas
- Información sobre documentos de plan e xestión, así como os proxectos de urbanización, dentro da súa competencia.
- Visitas de comprobación de actividades
- Emisión de información urbanística e cédulas urbanísticas e de urbanización.
- Visitas de comprobación previa a emisión de licenza de primeiro uso ou ocupación de edificacións
- Vixiar o cumprimento da disciplina urbanística no municipio.

ANEXO II:
MODELO DE INSTANCIA

D./D^a, con domicilio a efecto de notificacións en,
..... de, provincia de con teléfono número e DNI número:

EXPÓN:

PRIMEIRO.- Que, enterado/a da convocatoria efectuada por ese Concello para a selección dun/ha Arquitecto/a técnico/a, en réxime de interinidade, segundo o extracto das Bases correspondentes publicado no Boletín Oficial de Pontevedra do día,..... coñecendo ditas Bases completas, que foron publicadas na páxina web do CONCELLO DE SILLEDA, e estando interesado/a en participar no proceso selectivo, achega a seguinte documentación, en orixinal ou copias debidamente compulsadas:

- D.N.I.
- Titulación esixida na letra b) da Base Terceira (con homologación no seu caso polas autoridades educativas españolas).
- Xustificantes relativos á fase de concurso de méritos, tales como títulos académicos, cursos de formación, experiencia profesional, certificacións de servizos previos prestados na Administración Pública, etc.
- Documento acreditativo do pago da taxa ou xustificante da súa improcedencia.

SEGUNDO.- Que, reunindo todos os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria, acepta integramente as Bases publicadas polas que se rexerá a mesma, e en consecuencia,

SOLICITA: Ser admitido/a á realización das probas convocadas para a selección dun/ha Arquitecto/a técnico/a para ser nomeado persoal funcionario interino, e formación dunha Bolsa de Emprego.

Asdo.:



Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE SILLEDA.

ANEXO
TEMARIO

1. *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*
2. *Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana TÍTULO I. Condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais dos cidadáns*
3. *A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia. Título Preliminar*
4. *Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese*
5. *As clases e categorías de chan na lexislación urbanística. A definición de solar. Réxime xurídico do chan urbano e do chan urbanizable. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia.*
6. *Réxime xurídico do chan de núcleo rural. Réxime de aplicación aos municipios con plan non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia.*
7. *Réxime xurídico do chan rústico. Réxime de aplicación aos municipios con plan non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia.*
8. *Os instrumentos de ordenación urbanística: clases e obxectivos. Disposicións xerais sobre o plan: sustentabilidade e calidade.*
9. *Plan xeral de ordenación municipal: documentación e determinacións.*
10. *Os deberes de edificar e rehabilitar. O deber de conservación. A declaración de ruína. As ordes de execución.*
11. *As licenzas urbanísticas e os títulos habilitantes: finalidade, natureza xurídica e actos suxeitos e exentos. Procedemento de outorgamento. Os efectos do silencio. Extinción.*
12. *Parcelacións urbanísticas. Divisións. Segregacións.*
13. *A inspección urbanística. O plan de inspección. Condición de axente de autoridade e acceso a lugares obxecto de inspección.*
14. *A protección da legalidade urbanística. Actos de edificación e uso do chan sen licenza.*
15. *Os órganos urbanísticos da Comunidade Autónoma. A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.*
16. *Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística*
17. *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.*
18. *O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia."*



Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA** prestar aprobación as BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A EN RÉXIMEN DE INTERINIDADE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, anteriormente transcritas.

9º.- EXPTE. 358/2020. CONVENIO DEPUTACIÓN-CONCELLO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.

Visto que con data 04 de xullo de 2018 asinouse convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a execución do proxecto "Servizo de Implantación, uso e soporte dunha solución de Padrón Municipal de Habitantes", cunha duración de dous anos.

Visto que con data 27 de decembro de 2019, a Deputación de Pontevedra prorrogou o Acordo Marco que rexe a prestación do servizo anteriormente mencionado, ata o 14 de febreiro de 2022.

Visto que por resolución da Alcaldía, con data 20 de febreiro de 2020 comunicouse a Deputación Provincial de Pontevedra (Servizo de Novas Tecnoloxías), a intención deste Concello de continuar coa prestación do "Servizo de Implantación, uso e soporte dunha solución de Padrón Municipal de Habitantes".

Visto que mediante escrito con rexistro de entrada nº 2020-E-RE-63, de data 05 de marzo de 2020, remítese pola Deputación Provincial de Pontevedra o texto da adenda ao convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos das provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a execución do proxecto "SERVIZO E IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES".

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

1º.- Prestar aprobación o texto da adenda ao convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos das provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a execución do proxecto "SERVIZO E IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES".

2º.- Comunicar este acordo o Servizo de Novas Tecnoloxía da Deputación Provincial de Pontevedra.

10º.- URBANISMO.

10.1.- Expte. 1602/2019. Licenza para ampliación de explotación de porcino. JOSÉ MARÍA IGLESIAS RODRÍGUEZ.

Visto que a Xunta de Goberno Local celebrada en data 07 de febreiro de 2020, acordouse "**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JOSÉ MARÍA



IGLESIAS RODRÍGUEZ para ampliación de explotación de porcino, no lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E507004970000HG....."

Detectado erro no informe técnico emitido o día 23 de xaneiro de 2020, no que se sinalaba erroneamente a situación da obra, con data 17 de febreiro emítese novo informe técnico que substitúe ao anterior, así como informe xurídico de data 18 de febreiro de 2020.

"Solicitante	Jose Maria Iglesias Rodriguez		
Data de rexistro	12.SET.2019	Nº 2019-E-RE-284	Expediente 1602/2019
Solicitud	Ampliación de explotación de Porcino		
Emprazamento	Outeiro-Moalde		
Referencia catastral	36052E507004970000HG		Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral			X: 556052 Y: 4729559
Clase de solo	Solo rústico de especial protección agropecuaria		Superficie construída: 453,71m2 m2
Autor do Proxecto	Francisco Perez Donsión , Colexiado nº579 COITA		
Proxecto Execución.	Visado polo Colexio Oficial 11/09/2019 nº 20190333		
Dirección de Obra	Francisco Perez Donsión , Colexiado nº579 COITA		
Oficio de Dirección	Visado polo Colexio Oficial 11/09/2019 nº 20190333		
Dirección de Execución	n/d		
Oficio Direc. Execución			
Orzamento (P.E.M.)	149.500 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- 14 R.D. 763/2017, de 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago
- 15 Planeamento do Concello de Silleda
- 15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 15.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 15.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007



- 15.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
15.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
15.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 1602/2019, de solicitude de licenza asinada por Jose Maria Iglesias Rodriguez, presentada con R.E. 2019-E-RE-284 de 12.SET.2019. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Francisco Perez Donsión, Colexiado nº579 COITA.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.

4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: "Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel".

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exigencias básicas do CTE "poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adotar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as exigencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB".

6. **O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.**

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico de especial protección agropecuaria**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Ampliación de explotación de Porcino**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

9. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para este ámbito as seguintes afeccións:

Afección	Figura
Concentración parcelaria	Servizo de Infraestructuras Agrarias



Servidumes Aeronáuticas	AESA

10. Durante a tramitación do Plan Xeral do Concello de Silleda elevouse ante o Organismo Autónomo Augas de Galicia o "Estudio Simplificado da superficie de inundación dos leitos do Concello de Silleda", elaborado pola empresa redactora do PXOM (registro de saída 768 de 08.MAI.2015). Augas de Galicia informa favorablemente o nomeado informe con data 9 de xuño de 2015 e remíteo ao Concello con registro de saída 6214/ RX 774570 de 09/06/2015. Segundo este estudio, aprobado por Augas de Galicia, esta zona está libre do risco de inundación.

11. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) **Construcións e instalacións destinadas ao apoio da ganaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas**. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

12. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 17 da Lei do Solo de Galicia.

13. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
--	--------

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

SI

SI

SI

SI

SI

SI



d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración

SI

Non procede

SI

CUMPRE

SI

35.1.h)

SI



no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

Si

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

SI

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

N/d

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

14. Segundo a Disposición transitoria terceira "Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia" do decreto 143/2016.

14.1 Na documentación técnica xustifícase axeitadamente o punto 3 da Disposición transitoria terceira. "Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

Sen prexuízo do disposto nos dous números anteriores, as explotacións agrogandeiras existentes o 1 de xaneiro de 2003, que se proxecten ampliar en máis dun 50 % do volume orixinario nesa data, sempre poderán acollerse ao réxime ordinario establecido no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, tendo en conta que o disposto na letra g) do citado artigo so será aplicable ás novas explotacións gandeiras.

14.1.1 O promotor aporta fotografía aérea do concello de Silleda, parroquia de Moalde, (San Mamede), lugar de Outeiro, e segundo os datos obrantes na Cartoteca Provincial Domingo Fontán pertence ao voo aéreo e xullo de 1983. Aporta tamén informe emitido polo xefe de área do Servizo Territorial de Galicia, pola que manifesta que a explotación porcina ES360520224101 pertence a D. José María Iglesias Rodríguez. Xunta ficha do Siprod na que se vincula este código de explotación coas coordenadas da explotación que nos ocupa. Por tanto, considérase probada a existencia da explotación a 1 de xaneiro de 2003, cunhas dimensións similares ás da actualidade.

15. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está sometida ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.**

15.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE3: U7Dhs0SHW1

16. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia "Protección das vías de circulación":

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

17. Segundo o artigo 39.c) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia:

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

18. Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos podrán autorizarse a SEIS (6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES (3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo o traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá



autorizarlas en este caso a TRES (3) metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

F.- En las zonas donde existan intersecciones de caminos y en una distancia de veinticinco (25) metros en los accesos que lo forman, los retranqueos mínimos anteriormente definidos para caminos rurales, tanto para edificaciones como para cierres y demás elementos constructivos se aumentarán en UN (1) metro en todos los casos a efectos de visibilidad y seguridad en la circulación de vehículos y personas.
(Plano).

19. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ Lei do Solo	Plan Xeral aprobado provisionalmente 2016	Cumpre
Superficie mínima de parcela	9913	2000		SI
Altura de cornixa	3,5 m	7,00 m	7,00	SI
Ocupación máxima	9,79%	20%	20%	SI
Superficie ocupada en planta	970,32 m ²			SI
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	SI
Recuamento a lindeiros	5 m	5 m	5 m	SI
Separación a vía pública	9,5 m	4 m	4 m	SI
Acceso rodado	Si	Si	Si	SI

20. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

21. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

22. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **abastecemento de auga**, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

23. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

24. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

24.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

24.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE4: 4E50Cdz2s0

25. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

25.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.



25.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE5: U7Dhs0SHW1

25.2 Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro.

25.3 Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.

25.3.1 Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código6 AESASRVAISA000BHF925E9OC0N1DA.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de explotación de Porcino solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estancidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

d) **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.

2. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JOSÉ MARÍA IGLESIAS RODRÍGUEZ para ampliación de explotación de porcino, no lugar de Outeiro, parroquia de Moalde (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E507004970000HG, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que:

Segundo o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

d) **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.



De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, **“Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”**.

Asimesmo, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
149.500,00	149.500,00	2,25 %	3.363,75	0,00	3.363,75

Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.



Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

10.2.- Expte. 758/2019. Legalización de muro de contención no lugar de Santa Baia, parroquia de Cira.

En relación o procedemento: Incoación de expediente de Reposición da Legalidade, logo de sentenza en contencioso-administrativo nº 232/2019, de 22 de Outubro, do Xulgado nº 1 de Pontevedra. Obras de recheo e construción dun muro. PROPIETARIO: Carlos González Lorenzo, pola Xunta de Goberno Local celebrada en data 20 de novembro de 2019, acordouse:

"PRIMEIRO. Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións de: "obras de recheo e construción dun muro", propiedade de Carlos González Lorenzo, nun inmovible da súa titularidade, conforme se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia.

SEGUNDO. Considerar legalizable o acto, indiciariamente, xa que así se apreciou polos Servizos Técnicos Municipais no seu día e se otorgou a correspondente licenza.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución aos interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de audiencia de quince días.

CUARTO. Comunicar a iniciación deste procedemento nomeamento de instrutor do mesmo o arquitecto municipal Lino Manuel Doporto Framil.

QUINTO. Comunicar ao Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos."



Vista a resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade - Augas de Galicia, (Expediente DH.W36.59716) de autorización de obras de construción dun muro e peche parcial da parcela con referencia caastral 36052P503003620000DH, na zona de policía dun rego con orixe nun manancial situado no linde da parcela 36052P503003610000DU, no lugar do Candao, parroquia de Cira (Sta. Baia) - Silleda.

Visto o informe emitido o 03 de marzo de 2020 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante Carlos González Lorenzo
Data de rexistro 2019-E-RC-5576 N° 16.dec.2019 Expediente 758/2019
Emprazamento Santa Baia, Cira
Referencia catastral 36052P50300362
ASUNTO: Legalización de muro de contención

INFORME:

1. Vista a documentación que consta no expediente e as obras executadas polo demandado, conclúese que estas son legalizables e proponse para a concesión de licenza municipal de obra."

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** conceder a CARLOS GONZÁLEZ LORENZO licenza para construción dun muro e peche parcial da parcela con referencia caastral 36052P503003620000DH, na zona de policía dun rego con orixe nun manancial situado no linde da parcela 36052P503003610000DU, no lugar do Candao, parroquia de Cira (Sta. Baia) - Silleda, debendo terse con conta os condicionantes sinalados no informe técnico e na resolución de Augas de Galicia (Expediente DH.W36.59716). Asimesmo comunicar este acordo a Dº Carlos González Lorenzo e a Dº Manuel Iglesias Penas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 07 de marzo de 2020

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo

